



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Poesía en Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02043
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Eirin García, Leticia	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es	
Profesorado	Eirin García, Leticia	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo particularizado de obras e/ou autores relevantes e significativos da poesía en lingua galega e portuguesa.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise literaria.	A1 A2 A3 A10 A15	B7	C1
Saber avaliar, analizar e sintetizar criticamente información relativa á poesía en lingua galega e portuguesa.	A11 A14	B1 B3 B7	C6
Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica.	A7 A11 A14 A15	B9 B10	C1 C6
Ter capacidade de análise, valorar e exercer o coñecemento desde un punto de vista crítico.	A14	B7 B8	C6
Ter un coñecemento amplo da poesía en lingua galega e portuguesa.	A17 A18 A19 A20	B8	C6
Elaborar textos escritos de diversa tipoloxía (traballos tutelados, fichas de lectura etc.).	A2 A4 A9 A11 A15	B1 B6 B7	C6
Relacionar os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras disciplinas afíns.	A11 A14 A15	B3 B5	C6
Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre os contidos da materia.	A4 A9 A15	B4	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A poesía en lingua galega e portuguesa	1.1. Cuestións xerais 1.2. Periodización e caracterización da poesía nas diferentes literaturas (galega, portuguesa e brasileira)
2. A poesía galega actual	2.1. Antecedentes e referentes. Caracterización 2.2. Álvaro Cunqueiro 2.3. Pilar Pallarés 2.4. María do Cebreiro
3. A poesía portuguesa actual	3.1. Fases e caracterización 3.2. Adília Lopes 3.3. Valter Hugo Mãe 3.4. Golgona Anghel
4. A poesía brasileira actual	4.1. Panorama actual. A transformación do legado modernista e concretista 4.2. Paulo Leminski 4.3. Ricardo Domeneck 4.4. Angélica Freitas

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B1 B3 B9 C1 C6	1	0	1
Sesión maxistral	A3 B9 B8	14	21	35
Análise de fontes documentais	A1 A9 A10 A11 A15	9	18	27
Obradoiro	A1 A2 A11 A14 A15 A19 A20 B1 B3 B4 B7 B10 C1 C6	5	10	15
Lecturas	A7 A17 A18 B3 B6 B7	1	8	9
Recensión bibliográfica	A1 A2 A9 A15 B7 B1 C6 C1	0	4	4
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C6	0	11.5	11.5
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A17 A18 B7 C1	2	5	7
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades realizadas o primeiro día de aulas coa finalidade de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren acadar. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que a profesora explica a contextualización e os elementos necesarios para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Análise de fontes documentais	Lectura, análise e comentario de textos poéticos e paratextos (ensaísticos, xornalísticos etc.) sobre as diversas cuestións tratadas. Eventualmente poderán ser solicitados comentarios poéticos por escrito dos textos analizados nas aulas.
Obradoiro	Nestas sesións o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, así como das destrezas e estratexias relacionadas cos obxectivos da materia. Entre estas actividades contémpanse as prácticas a través das TIC, o debate crítico, a resolución de problemas etc.
Lecturas	Lecturas de carácter obrigatorio que serán seleccionadas e fornecidas pola profesora. Alén disto, cada estudante deberá escoller e ler unha obra pertencente á poesía galega, portuguesa ou brasileira actual de autoría feminina.
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón a lectura crítica dun libro e, como tal, comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración en relación á literatura existente sobre o tema.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido pola profesora, e escollido entre unha serie de propostas presentadas no inicio do curso. Con este traballo preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma, a capacidade de análise, o comentario textual e o manexo de fontes de diverso tipo.
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e que combinará exercicios de carácter ensaístico con análise de fontes documentais e comentario de textos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas Traballos tutelados Recensión bilbiográfica	A profesora orientará aos e ás estudantes, ofrecéndolles a axuda necesaria para a a escolla da obra de lectura e para a realización dos traballos, especialmente en cuestións como a procura do tema / corpus textual, a metodoloxía ou a selección das fontes de información. De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo. A orientación realizarase de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas indicacións escritas.
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A9 A10 A11 A15	Valoración do traballo de análise e comentario dos textos e paratextos traballados durante o curso.	20
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A17 A18 B7 C1	Proba escrita baseada fundamentalmente nas actividades de análise e comentario de textos, combinadas con outras de carácter ensaístico. Como no caso dos traballos tutelados, serán valoradas a expresión e o rigor expositivo.	50
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C6	Valorarase fundamentalmente a profundidade analítica e o rigor da pesquisa, así como a correcta organización do traballo, a clareza expositiva e a calidade da expresión.	20
Recensión bilbiográfica	A1 A2 A9 A15 B7 B1 C6 C1	Valoración da lectura crítica así como da clareza expositiva e de expresión.	10

Observacións avaliación
<p>Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.</p> <p>O alumnado terá que entregar os traballos e actividades solicitados no prazo fixado.</p> <p>Todas as actividades e probas deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exigencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).</p> <p>Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo/a mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4).</p> <p>As persoas matriculadas a tempo parcial e que obtiveren dispensa académica deberán pórse en contacto coa profesora para fixar os traballos que deberán entregar. Tamén deberán pórse en contacto coa profesora aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatíbel co seguimento da materia, mais que non cumpra as condicións para obter a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderá ter condicións de avaliación equivalentes á dispensa académica.</p> <p>A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.</p> <p>As persoas que non superaren a materia deberán entregar, na data marcada pola Facultade de Filoloxía para a segunda oportunidade, os traballos solicitados pola profesora (recensión bibliográfica [20%] e traballo tutelado [30%]) e superar a proba mixta [50%]. Estas mesmas condicións serán aplicadas na convocatoria adiantada de decembro.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Bernárdez, C. L. & Insua, E. X. & Millán Otero, X. M. & Rei Romeu, M. & Tato Fontaí (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra- Bosí, Alfredo (1994). História Concisa da Literatura Brasileira. São Paulo: Cultrix- Casas, Arturo (ed.) (2003). Antoloxía da poesía consultada (1976-2000). Lugo: TrisTram- Congílio, Mariazinha (1999). Antologia da Poesia Brasileira. Lisboa: Universitária Editora- Guimarães, Fernando (2002). A poesia contemporânea portuguesa do final dos anos 50 aos anos 90. Lisboa: Quasi Edições- Lopes, Óscar & Marinho, Maria Fátima (dir.) (2001-2002). História da Literatura Portuguesa. Vol. 7. Lisboa: Alfa- Mato Fondo, Miguel Anxo (1991). A mazá e a cinza. A poesía galega após 1976. Pontevedra: Edicións do Cumio- Nogueira, María Xesús (2017). 13 Antoloxía da poesía galega próxima. Santiago de Compostela: Chan de pólvora & papelesmínimos- Rodríguez, Luciano & Seara, Teresa (1997). Para saír do século. Nova proposta poética. Vigo: Xerais- Stegagno Picchio, Luciana (2004). História da Literatura Brasileira. Rio de Janeiro: Editora Nova Aguilar- Vilavedra, Dolores (1999). Historia da Literatura Galega. Vigo: Galaxia- VV. AA. (2016). No seu despregar. Antoloxía poética. A Coruña: Apiario Editora <p>Proporcionarase unha listaxe de recursos bibliográficos específicos para os temas tratados nesta materia a través da plataforma Moodle.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías